

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR
Secretaría Xeral do MarEdifícios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

RESOLUCIÓN DO 15 DE XULLO DE 2015, DA SECRETARÍA XERAL DO MAR, POLA QUE SE ESTABLECE UN PERÍODO DE VEDA NA RÍA DE VIGO PARA A CAPTURA DO CHOCO.

Feitos.-

A Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra achega, en documento con rexistro de saída nº 112 do 13 de xullo de 2015, solicitude de establecemento dunha veda para a pesca do choco por dentro das liñas de referencia do anexo III na Ría de Vigo. Dita solicitude está refrendada pola petición formulada polas confrarías de pescadores de Redondela, Moaña, Arcade, Vilaboa e Cangas.

Fundamentos técnicos e xurídicos.-

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, de pesca de Galicia nos indica, no artigo 6.1, que a política da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, en relación coa conservación e xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros, terá como obxectivo *"o establecemento e a regulación de medidas dirixidas á conservación e a explotación responsable, racional e sustentable dos recursos mariños vivos"*.

Ademais, co fin de asegurar os obxectivos recollidos na lei, establece que lle corresponde á consellaría competente en materia de pesca, logo de audiencia do sector afectado, o *"establecemento de vedas temporais ou zonas para determinadas especies así como dos fondos autorizados"*-art. 7.2.h).

O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 50.3 que *"as embarcacións menores de 2,5 TRB ou 1,75 GT poderán utilizar trasmallos por dentro do anexo III a unha distancia mínima de 100 metros da costa ou a unha profundidade mínima de 5 metros, no período comprendido entre o 1 de decembro e o 30 de abril, salvo o período en que se decrete a veda temporal dalgunha especie ou zona."*

Por outra banda diversos plans inciden na captura desta especie, tal é o caso de:

- A resolución do 5 de decembro de 2014, pola que se autoriza un plan experimental de pesca con trasmallos, con cambio de horario, para as confrarías de pescadores da ría de Vigo para o ano 2015.

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR
Secretaría Xeral do MarEdificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

- A resolución do 30 de xaneiro de 2015 pola que se autoriza o plan de pesca de anguía para as confrarías de pescadores da ría de Vigo, modificada por resolución do 20 de febreiro de 2015.

Examinados os informes técnicos correspondentes, onde se constata que a partir do mes de xuño a porcentaxe de individuos xuvenís capturados incrementábase nun 80% respecto a meses anteriores, nos que se recomenda limitar o emprego das diferentes artes de pesca nas zonas máis interiores das rías (por dentro do anexo III), e consultado o sector na zona, esta Secretaría Xeral

RESOLVE:

Establecer unha **veda** para a pesca do **choco** na **Ría de Vigo**, por dentro das liñas de referencia do anexo III que aparecen reflectidas no citado Decreto 15/2011, dende o 1 de agosto ata o 31 de outubro de 2015.

Así mesmo, queda prohibida a captura, tenencia a bordo, transbordo, comercialización ou venda de desta especie con calquera das artes incluídas no devandito Decreto 15/2011. As capturas accidentais deberán ser devoltas ao mar.

Do mesmo xeito, esta veda inclúe tamén á pesca marítima de recreo segundo a Lei 11/2008, do 3 de decembro, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, de pesca de Galicia que, establece no seu artigo 26-1 "Seranlle aplicables á pesca marítima de recreo as medidas de protección e conservación dos recursos pesqueiros establecidas para a pesca marítima profesional".

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun (1) mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación, ante a Conselleira do Medio Rural e do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2015

O Secretario Xeral do Mar



Juan Carlos Maneiro Cadillo